

PERCORRIDO ARQUEOLÓGICO VISITA DO SEMESCOM

Brandomil, un enclave romano no que case todo está aínda por descubrir

Nun lustro, a fundación local fixo máis polo lugar que todas as Administracións

A. LAVANDEIRA

CARBALLO / LA VOZ

Hai cinco anos, Brandomil (Zas) era un lenzo en branco da arqueoloxía. Entón, José Pérez e outros veciños puxeron en marcha a Fundación Brandomil. Dende entón, promoveron catro campañas arqueolóxicas para destacar o pasado romano do enclave, publicaron dous documentais, mercaron varias parcelas de terreo —unhas catro hectáreas— cheas de xacementos, fixeron tres publicacións, incluída unha guía do Camiño Santiago-Muxía e, en fin, desenvolveron un inmenso labor para a recuperación e defensa do patrimonio cultural material e inmaterial do lugar. Teñen como obxectivo a creación dun museo virtual e logo real onde amosar todo o material histórico recompilado. Así, máis ou menos, o explicou Enrique Igle-

sias, secretario da entidade, aos membros do Seminario de Estudos Comarcais (Semescom) que o sábado celebrou un percorrido polo xacemento da parroquia zasense. A xornada estivo marcada por unha intensa chuvia, e nin así, os asistentes se deron por vencidos e seguiron as explicacións debaixo dos ballóns.

Tanto Enrique Iglesias como o arqueólogo Lino Gorgoso levaron sendas molladuras mentres explicaban con todos os detalles as sucesivas campañas de investigación e os seus resultados. Un primeiro apartado foi o da calzada situada onda a vella ponte de Brandomil. Un camiño real asentado sobre a vía romana, da que aínda quedan vestixios claros. Contou Gorgoso que tres son os puntos que explican o valor histórico de Brandomil: unha aldea erguida sobre os restos da romanización. Un factor é o paso



Membros do Semescom, en Brandomil, acompañados dos guías Enrique Iglesias e Lino Gorgoso.

sobre o río Xallas, o sétimo máis caudaloso de Galicia; logo está o que sería o núcleo de poboación dos invasores e, en terceiro lugar e tal vez fundamental, as explotacións mineiras de Limideiro e Vilarcobo (Brandofías). Curiosamente, os cascallos destas foron empregados para construír a vía, «de grande calidade construtiva», segundo Gorgoso.

Son infinitas as pegadas históricas nesta localidade. A súa ponna, da que aínda quedan vestixios orixinal suponse que se derrubou coas enchentes de 1560-1580. Dese tempo sería a actual, que tamén se veu abaixo en parte no 1988. Logo foi reconstruída. Despois, un tramo do vello

camiño real foi cuberto para facer a praia fluvial. Eran os restos da comunicación entre Santiago, Negreira e Muxía. Todo revestía interese o sábado para xentes desexosas de coñecementos, ata os cangrexos vermellos americanos.

Fronte a ponte consérvase o castro, de forma oblonga. As murallas que dan ao río Xallas teñen oito metros de alto. O seu foxo fai de camiño. Mesmo puido servir para acoller aos traballadores nativos da mina.

A continuación, os viaxeiros desprazáronse á área de Pedra do Altar, onde o equipo de Lino Gorgoso destapou dous tramos de vía e os restos dunha man-

sión coa estrutura habitacional.

Moitos intentaron chegar ata parte dos muros da vivenda do século I descuberta na última campaña de escavacións. Parte da construción foi destruída ao facer a pista da concentración parcelaria. Cando levaron a cabo as obras incluso se atoparon dúas lucernas de ouro, pero, como ten sucedido con moitas pezas de Brandomil, desaparecieron na noite dos tempos. Malia a forte choiva, as xentes do Semescom aínda tiveron azos para ir ó dolmen Pedra da Arca e mais ver a estela funeraria de Máximo, cos seus marcados atributos sexuais, en San Cosme de Antes.

Comenzó la acción formativa para desempleados en A Laracha

CARBALLO / LA VOZ

El alcalde de A Laracha José Manuel López Varela y la concejala de Empleo e Promoción Económica Rocío López, le dieron ayer la bienvenida a los catorce alumnos que forman parte del programa formativo para desempleados centrado en la atención a personas dependientes en instituciones sociales. Esta iniciativa está organizada por el Concello con fondos procedentes de la Consellería de Promoción de Empleo e Igualdade de la Xunta de Galicia.

El plan formativo consta de un total de 468 horas a impartir en 88 días lectivos. Además de la materia específica, se realizarán dos módulos transversales: uno sobre igualdad de género y otro relacionado con la formación para la igualdad, la inserción laboral y la sensibilización medioambiental. Tanto la teoría como la práctica se llevará a cabo en aulas y talleres de titularidad municipal.



Lugar en donde se llevará a cabo la obra por parte de la Deputación.

La Deputación construirá un nuevo puente sobre el río Castro

CARBALLO / LA VOZ

La Deputación da Coruña aprobó en el pleno del viernes destinar 440.094 euros a los trabajos de mejora de la seguridad y construcción de un nuevo puente sobre el río Castro, en la DP - 2104, entre Carral y Meirama. La actuación tiene como objetivo ejecutar una variante del trazado con una longitud de 300 metros. Una estructura que mejorará la seguridad en un tramo en el que, ahora, existen curvas pronunciadas.

Con esta obra se ampliará la carretera hasta los «sete ou nove metros, con dous carrís de

tres metros e medio cada un e beiravías dun metro», según confirman desde el ente provincial.

La nueva estructura del puente será un pórtico de hormigón armado de 4,50 metros de ancho y 4,65 metros de altura. En la entrada y en la salida del puente se dispondrán «sendas aletas de dique, aprovechando a saída para configurar un muro que reduza a ocupación do terraplén asociado á estrada». Los trabajos se completarán con señalización vertical y la colocación de las defensas segregatorias.

La alcaldesa de Fisterra le pedirá un nuevo centro de salud al gerente del área sanitaria

CARBALLO / LA VOZ

La alcaldesa de Fisterra, Áurea Domínguez, se reunirá hoy con el gerente del área sanitaria de A Coruña y Cee para solicitar la construcción de un nuevo centro de salud en Fisterra. Desde el gobierno fisterrán se quejan de que siguen contando con «un centro que nin tan sequera conta cos accesos necesarios e imprescindibles para un edificio destas características. É indignante ver como os técnicos das ambulancias

non poden sacar unha padiola por falta de accesos ou ver que unha persoa minusválida ou con problemas de mobilidade ten moí complicado poder acceder con normalidade», apuntan.

«Desde Alternativa dos Veciños non pararemos ata conseguir que se solucione este grave problema», advierten en un comunicado en el que califican su centro de salud como el de «peores características da área sanitaria».

Primera fiesta solidaria a favor de los niños saharauis en Malpica

MELISSA R. S. CARBALLO / LA VOZ

La oenegé Solidariedade Galega co Pobo Saharai organiza la primera fiesta en la Costa da Morte para recaudar dinero destinado a los niños que pasan sus Vacaciones en Paz en la comunidad. Será la primera iniciativa con este objetivo tras años de parón. La coordinadora en la comarca, Eva Lema Rodríguez, y otras familias de acogida preparan dos jornadas de música, comi-

da y mucho ocio en la parroquia de Cambre, Malpica, aprovechando la festividad del patrón, San Martiño. Será los días 11 y 12 de noviembre. El sábado arrancará a las 20.30 de la tarde con pulpeira y churrasco, música tradicional, O Tren da Unha y un DJ. El domingo habrá disco móvil, dúo, pinchos, sorteos y animación al mediodía y por la tarde. Colaboran varios concellos y numerosos negocios.